

HISTORIA...1º BAC....FICHA SEMANA 25-29 MAIO

Ola a todos, esta semana a ficha de traballo será dobre.

A primeira será a continuación da guerra fría. Será para todo o alumnado.

A segunda é unha ficha de repaso específica para o alumnado que ten suspensa a primeira ou a segunda avaliación.

Ambas deben entregarse antes de venres 29 ás 24:00.

FICHA 1...CONFLITOS DA GUERRA FRÍA

O primeiro paso será ler con calma as páxinas 322 a 328 e 336 a 338 do libro de texto (**259-266 e 270-271**), onde se nos proporciona información sobre os principais conflitos da Guerra Fría.

O traballo en si será seleccionar unha fotografía representativa de cada conflito e escribir un pé de foto cunha breve explicación dese conflito (facendo referencia ao mostrado na imaxe). O texto de cada foto debe ter entre 20 e 40 palabras.

Os conflitos son:

- ✂ Bloqueo de Berlín: 1948/49
- ✂ Guerra de Corea: 1950/53
- ✂ Canal de Suez: 1956
- ✂ Construción do muro de Berlín, 1961
- ✂ Crise dos mísiles de Cuba, 1962
- ✂ A Guerra de Vietnam, 1945-1975

Non podedes coller a mesma imaxe que aparece no libro de texto. O texto non pode ser un corta/pega. Hai que redactar. A información do libro de texto é moi válida, non busquedes na wikipedia, por favor. Sorte!!

FICHA 2....REPASO 1ª e 2ª AVALIACIÓNS

Esta ficha é OBRIGATORIA se tes suspensa algunha avaliación anterior.

1) XEOGRAFÍA 1

En que país actual están os seguintes lugares :

Yorktown: San Petersburgo:

Versalles: Filadelfia:

Compiègne: Detroit:

Stockton: Waterloo:

Manchester: Canal de Suez:

Sicilia: Petrogrado:

2) XEOGRAFÍA 2

Cita a nacionalidade de...

Lenin:

Luis XVI:

Thomas Jefferson:

Robert Stephenson:

Kerenski:

Irmáns Lumiere:

Henry Ford:

Dunlop:

Metternich:

Garibaldi:

Robespierre:

Ned Ludd:

- 3) FRASES.. Debes redactar unha frase longa (25 palabras mínimo), incluíndo as palabras propostas. Hai que incluír ademais unha referencia cronolóxica correcta.

EXEMPLO: VERSALLES/LUIS XVI

O palacio de Versalles foi a residencia de Luis XVI e da familia real francesa durante a Revolución Francesa (1789). Durante a revolución foron trasladados a París e tiveron que abandonar Versalles.

- ✂ BOLSA/GRAN DEPRESIÓN
- ✂ JEFFERSON/DECLARACIÓN
- ✂ MANCHESTER/THE ROCKET
- ✂ COMPIEGNE/ARMISTICIO
- ✂ CARTISMO/SUFRAJIO
- ✂ LENIN/BOLXEVIQUE
- ✂ ROBESPIERRE/GUILLOTINA
- ✂ LUMIERE/CINE

- 4) COMPLETA A TÁBOA. Clasifica cada país en MONARQUÍA/REPÚBLICA

FRANCIA, 1785:

ITALIA, 1875:

ALEMAÑA, 1923:

EE UU, 1930:

RUSIA, 1915:

URSS, 1923:

GRAN BRETAÑA, 1900:

FRANCIA, 1917:

5) IMAXES... Debes escribir un comentario axeitado sobre cada unha das imaxes propostas. O comentario dene incluír unha breve descrición da imaxe e unha referencia ao contexto histórico (40 palabras mínimo).



IMAXE 1



IMAXE 2

